

A represión das mestras é a dramática cuestión abordada por parte de Sara Ramos Zamora; á que se engade o traballo de Olegario Negrín Fajardo, que estuda na súa contribución os expedientes de depuración de catro mestras canarias; e, tamén, a achega de Carmen de la Guardia Herrero, quen centra o seu texto no exilio das mestras republicanas. O capítulo que pecha a obra, de María del Mar del Pozo Andrés ofrece un interesante e necesario exercicio de definición sobre que comprendemos por mestres e mestras republicanas, propoñendo conceptos específicos que permitan identificar tal sector de ensinantes caracterizado polo “republicanismo pedagóxico” do que fala a autora.

As realidades que podemos valorar a través desta obra hoxe son referentes, nuns momentos nos que os nosos dereitos, logros polos que outras e outros antes loitaron, poden verse asolagados. Os ideais que as mestras republicanas defenderon deben ser bandeira no camiño cara o que aínda non se conseguiu: liberdade, igualdade e fraternidade.

Uxía BOLAÑO AMIGO
USC

IGLESIAS VEIGA, J. R. *Arquitectura e Indianos na cidade de Vigo e bisbarra*. Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2013, pp. 319.

O éxodo que leva ás clases populares desde o mundo rural aos asentamentos urbanos, produto da primeira Revolución Industrial, trae como una das súas consecuencias o caos social e urbano derivado da explosión demográfica e da

inexistente planificación urbanística. Neste proceso, a sociedade foise artellando na aglomeración de grandes grupos humanos ao carón dos centros produtivos e comerciais, que non estaban preparados para acolellos. E os campesiños, reconvertidos en proletarios industriais, padecen as condicións impostas polo que se denominou “capitalismo salvaxe”: longas xornadas de traballo e salarios exiguos; amoreamento humano en infravivendas sen condicións de hixiene e habitabilidade, que facilitaban a difusión de epidemias. Condicións, en fin, de semiescravidade e pobreza extrema que crean tensións sociais, marxinação e desarraigo, especialmente na infancia.

É así como os organismos públicos teñen que dar resposta ás necesidades do incipiente proletariado urbano, en reacomodo dentro da sociedade burguesa. E a súa reorganización tenta establecerse baixo novos paradigmas que deixan atrás o modelo medieval, introducindo o urbanismo como un novo concepto na planificación social. Neste contexto de transformación, aparece a escola pública, xa non só como o lugar de aprendizaxe de saberes básicos, necesarios para o desenvolvemento do sistema capitalista e da formación de produtores máis ou menos disciplinados, senón como un recinto de custodia e control desa infancia proletaria que padece o desarraigo, a marxinação e o pauperismo camiño da delincuencia. De xeito parello, a desnutrición, o esgotamento, o alcoholismo e as enfermidades infecciosas fan presa no traballador urbano, e emerxe así mesmo o discurso hixienista, que se difunde polos Estados europeos e americanos na segunda metade do XIX e que aquí se introduce a través dos institucionalistas,

entre outras vías, e que acollerán con interese médicos, pedagogos, políticos e arquitectos.

Urbanismo, hixienismo, educación. Conceptos sobre os que gravita un modelo novo de edificación escolar, que chega á Galiza, ademais de por outras canles europeas, a través da intervención escolar dos galegos e galegas emigrados a América, onde o movemento hixienista ligado á arquitectura estaba xa fortemente arraigado a comezos do século XX. Modernidade que choca co modelo herdado da Lei Moyano, que delegaba nos concellos as competencias en construción escolar. Na bisbarra viguesa, ao igual que sucedía no resto de Galicia ao remate do século XIX, máis que falar das carencias da arquitectura escolar, sería preciso sinalar a súa case inexistencia, como ten estudado o profesor Ramón Iglesias Veiga noutros traballos e que pon de manifesto no que aquí presentamos: *Arquitectura e indios na cidade de Vigo e bisbarra*. A práctica docente efectuábase en locais alugados, normalmente miserables e insalubres, faltos de condicións para soportar os rigores do clima, con mala iluminación e deficiente ventilación. Condicións de precariedade e abandono que tan ben describiu a finais dos anos vinte do século pasado o xornalista Luis Bello, nos seus artigos publicados no diario *El Sol*, “Viaje por las escuelas de España”.

Este modelo de escolarización baseado na precariedade material e o abandono administrativo é o que padecen aqueles que teñen que embarcar a América. Máis tarde, xa emigrados, van poder contrastar a súa experiencia escolar en casarelos derramados co que observan no destino americano: volumetría e funcionalidade,

tamén ornamentación e, nalgúns casos incluso, monumentalidade dos edificios escolares que amosaban unha idea diferente do concepto de educación pública. Neste sentido, xa se tiña referido o institucionista Adolfo Posada, logo dunha viaxe ao país austral recollida en *La República Argentina. Impresiones y comentarios* (Madrid, 1912), ao celo dos gobernantes arxentinos pola arquitectura escolar. Nese país, afirmaba, como en tantas outras partes de América, o ensino estaba dominado polos “fetichismos disolventes ou cristalizantes”: o fetichismo da edificación escolar e o fetichismo do material.

No que respecta ao aspecto arquitectónico, para o deseño dos edificios escolares promovidos por emigrantes desde América vai pesar de xeito decisivo a experiencia padecida durante a infancia da man de escolantes rudos e incultos en locais escuros, húmidos, mal ventilados, fronte ao contraste que ofrece o modelo americano a través das correntes hixienistas ou das recomendacións das vangardas pedagóxicas. E tívose en conta, sempre que economicamente foi posible, criterios como o emprazamento, a orientación, a ventilación, a iluminación, a calidade dos materiais e as necesidades funcionais da práctica escolar. As escolas debían contar con espazos para recreo, práctica de deportes, exercicios físicos, campos de experimentación agrícola. Moitas dispuñan tamén de vivenda para o mestre. Un modelo escolar que os emigrados tentarán implantar na Galiza a través de numerosos proxectos, individuais ou colectivos, no último terzo do século XIX e o primeiro do XX, para promover a escolarización das clases populares, evitar a emigración ou,

de non ser posible, facilitala en mellores condicións de competencia laboral. Por iso, como afirma Ramón Iglesias no traballo que presentamos, a potenciación da cultura por parte dos emigrados constitúe un dos exemplos de xenerosidade máis fermosos da nosa historia contemporánea. E na Galiza abundan os exemplos desa xenerosidade, espallados pola nosa xeografía, a través dun valioso patrimonio arquitectónico, especialmente no eido escolar. Sobre ese extraordinario legado, centrado no suroeste da provincia de Pontevedra, trata o seu traballo *Arquitectura e indianos na cidade de Vigo e bisbarra*.

Arquitectura e indianos... é una investigación exhaustiva dese patrimonio ao que antes aludiamos, no que o investigador expón unha serie de cuestións ligadas á intervención arquitectónica dos *americanos*. Unha intervención que deixou fonda pegada no urbanismo da cidade de Vigo, nos primeiros proxectos urbanísticos ligados á promoción do turismo; nos vestixios de arquitectura fabril que marcou a industrialización da bisbarra con capital *americano*; nun completo e coidado catálogo de edificios singulares, ben de arquitectura doméstica ou de arquitectura funeraria. Ou o que, polo noso interese, queremos destacar sobre este extraordinario traballo: o apartado que Ramón Iglesias dedica á arquitectura escolar que se levantou na bisbarra viguesa froito da xenerosidade de moitos galegos e galegas intitulado “Arquitectura escolar de promoción indiana”.

Este apartado abrangue desde o derradeiro terzo do XIX ata o primeiro terzo do XX, que o autor diferenza entre acción filantrópica individual, propiamente denominada “indiana” ata finais do

século XIX, e a acción colectiva grazas a intervención das chamadas “sociedades de instrución”, realizada no primeiro terzo do XX. Nel recóllese patrimonio xa desaparecido, pero do que se conserva información gráfica e documental, como as escolas que doara Manuel Misa (Baiona, 1886), o espectacular inmobile deseñado polo arquitecto Antonio Palacios — figura que tan ben coñece o autor deste traballo— para a “Fundación Escuelas Fernández Areal” (Porriño, 1904) doado polo filántropo José Fernández Areal desde Valparaíso (Chile); ou outros que son na actualidade institucións singulares, como a escola de Artes e Oficios de Vigo, costeada polo benfeitor José García Barbón desde A Habana (Cuba); o Instituto Santa Irene, sufragado por José Policarpo Sanz desde esa capital; as escolas levantadas nos barrios vigueses de Coia, Castrelos e Bouzas por Tomas A. Alonso desde Bos Aires (Arxentina); as Escolas Nieto, edificadas polo emigrante Ramón R. Nieto Otero no antigo concello de Lavadores desde Valparaíso, ou xa fóra de Vigo, outros inmobiles construídos pos sociedades de instrución en Gondomar, Redondela ou Mos.

Ramón Iglesias Veiga, estudoso da arquitectura escolar, e docente e investigador de profesión achéganos un traballo extraordinariamente documentado en fontes de arquivo e bibliográficas; rigoroso en datos de carácter normativo e histórico e primorosamente ilustrado con fotografías actuais, de época, gravados, ou planos de planta e alzado dos edificios. Esta investigación, na que se conxuga a formación especializada dun experto en arquitectura, coa vocación didáctica do docente, dá como resultado un interesante

catálogo de arquitectura promovida desde a emigración, que ven sumarse aos que de xeito xeral, ou sectorial, se ten elaborado sobre este aspecto da historia noutros puntos da Galiza.

Ramón Iglesias Veiga, profesor no Instituto de Ensino Secundario “Pino Manso” do Porriño, posúe un extenso currículo como historiador en traballos relacionados coa arte e a arquitectura do século XIX e primeira metade do XX. Ten publicados numerosos libros e artigos de investigación sobre a arquitectura galega dese período, nomeadamente na bisbarra de Vigo, e é un estudoso da obra do arquitecto porriñés Antonio Palacios, do que ten publicados varios traballos en libros e revistas especializadas.

Son necesarios, e polo tanto benvidos, traballos como o que presentamos, que axudan a valorar e preservar a memoria escolar ligada a ese capítulo do noso pasado con fonda pegada, quer no noso patrimonio material, como nos amosa o profesor Ramón Iglesias Veiga, quer noutros aspectos do patrimonio inmaterial estudados por outros investigadores.

Xosé M. MALHEIRO GUTIÉRREZ
UDC



NÓVOA, A., MARCELINO, F., RAMOS DE Ó, J. (orgs.) (2012): *Sérgio Niza. Escritos sobre educação*. Lisboa: Edições Tinta da China, 708 pp.

Sérgio Niza (Campo Maior, 1940) é recoñecido en Portugal como un dos grandes educadores do tempo presente. Un educador que anoa unha imprescindible dimensión práctica educadora cunha constante reflexión teórica. Foi profesor de ensino primario e de educación especial entre os anos sesenta e comezos dos setenta. En Lisboa, no centro infantil Helen Keller integrou un proxecto pioneiro de integración escolar de nenos cegos, amblíopes e normovisuais, con prácticas educativas enlazadas coa pedagogía Freinet e coas anteriores orientacións do pedagogo portugués Antonio Sérgio, que profundou en experiencias posteriores en A-da-Beja.